

Bos Aires, 17-10-1958.


Moi estimado amigo:

Gracias, pol-a sua garimosa lembranza nas datas sempre doentes para min, retribuíndolles eu, cos meus millores desexos, os seus, de que iste aninovo recién comenzado, nos colme a todos de boa ventura e boa sádiña en particular.

Aproveitando ista circunstancia de lle escribire, e como nada me di en col a unha carta que a poucos dias de se ausentaren vostedes de este pais lle mandei a Vigo, volvo a insistir hoxe sobor de aquel asunto, por coidar, que unha vez solucionado, evitará que o moleste novamente en moito tempo. Meu pedido era, i e, de que cando vostede pase por Pontevedra, faga por "roubarlle" un instantiño as suas ocupacións, pra lles mandar da miña conta do Banco (18.846.66 ptas anotadas en carta sua data 26 de marzal 1.957) 1.000 a Clemencia, calle de Valencia 23 Salamanca, e outras 1.000 a unha miña sobrina, afillada benquerida do meu Castela, que se chama Paz Gonzalez de Cot, e vive en Barcelona Av. José Antonio 753-bis-40-Ia. Como as "favorecidas" co premio de 1.000 pesetas, saben que "tiñan que recibir por meio de vostede, están un pouco alarmadas, a medida que o tempo pasa sin que "aquelas" cheguen a seu poder. Apúrese pois, canto poida, amigo Valentín, e reciba moitas gracias por elas e por min. As pesetas restantes da conta corriente, son pra que, mas remita a min, según conviñemos cando falamos, e como dentro de poucos meses chegará de visita a isa incomparable TERRA un amigo común noso, penso que por il será o mellor modo de remitirme isa cantidade. E novamente gracias.

Por eiquí ~~xx~~ o vrán anda un pouco tolo, e as cousas máis ou menos. Conforme a data das eleucións vai chegando, máis empioran os ánimos porque á "breva" que por podre que estea todos lle querenincar o dente, caga aos "famentos" de mando, e zorréganse a máis e mellor na propaganda que se está levando a cabo. / Que ruín e que porca e a política / Iamos ben con este goberno de xente seria e decente, i agora preséntase un intre crucial pra a Arxentina. Esperemos.

? Que tal os trata por ahí a invernia? Supoño que Pilar andará xa ben da sua doenza, e Alfonsiño conquerindo cada intre máis simpatía. Pra eles e vostede unha fonda aperta



Espero que sea "bo" Valentín, facendo o que por favor lle pido.